44		De sociedades publicas e outros entes públicos	0,00	170.500,00	170.500,00	132.286,71	132.286,71	132.286,71	0,00
	441	De sociedades públicas de tipo comercial	0,00	145.500,00	145.500,00	18.000,00	18.000,00	18.000,00	0,00
	442	Conorcios	0,00	25.000,00	25.000,00	47.500,00	47.500,00	47.500,00	0,00
	443	Fundaciones publicas	0,00	0,00	0,00	34.574,78	34.574,78	34.574,78	0,00
	445	Doutros entes públicos	0,00	0,00	0,00	32.211,93	32.211,93	32.211,93	0,00
45		Da Comunidade Autónoma	134.929.298,00	1.202.454,36	136.131.752,36	134.733.556,83	134.620.578,01	131.193.344,37	3.427.233,64

PARTIDA ORZAMENTARIA			CRÉDITOS ORZAMENTARIOS			DEREITOS RECOÑECIDOS (4)	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS (5)	RECADACIÓN NETA (6)	DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31 DE DECEMBRO (7=5-6)
			INICIALES (1)	MODIFIC. (2)	DEFINITIVOS (3=1+2)				
Art.	Cto.	Denominacion do ingreso							
	450	Da Xunta	134.929.298,00	1.202.454,36	136.131.752,36	134.729.214,42	134.616.235,60	131.193.344,37	3.422.891,23
	451	Outros entes da comunidade autónoma	0,00	0,00	0,00	4.342,41	4.342,41	0,00	4.342,41
46		De corporacións locais	380.000,00	219.999,44	599.999,44	537.071,60	519.071,60	300.116,26	218.955,34
	460	De Concellos	60.000,00	34.999,44	94.999,44	107.558,94	89.558,94	89.558,94	0,00
	461	De Deputacións	320.000,00	185.000,00	505.000,00	429.512,66	429.512,66	210.557,32	218.955,34
47		De empresas privadas	973.500,00	80.000,00	1.053.500,00	681.406,44	681.406,44	679.162,03	2.244,41
	470	De empresas privadas	973.500,00	80.000,00	1.053.500,00	681.406,44	681.406,44	679.162,03	2.244,41
48		De familias e institucións sen ánimo de lucro	501.500,00	37.580,83	539.080,83	256.631,28	254.231,28	228.231,28	26.000,00
	480	De familias	0,00	0,00	0,00	33.750,00	33.750,00	33.750,00	0,00
	481	De institucións sin animo de lucro	501.500,00	37.580,83	539.080,83	220.881,28	218.481,28	192.481,28	26.000,00
	483	Universidades	0,00	0,00	0,00	2.000,00	2.000,00	2.000,00	0,00
	484	Organismos autonomos:entidades locais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	489	Federacions deportivas	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
49		Axudas do Exterior	543.433,00	12.000,00	555.433,00	412.904,41	256.389,60	256.389,60	0,00
	492	Outras trasferencias de la UE	0,00	0,00	0,00	14.179,20	-120.148,80	-120.148,80	0,00
	493	Aportacións derivadas de convenios internacionais de cooperación	533.433,00	0,00	533.433,00	332.822,22	310.635,41	310.635,41	0,00
	499	Outros ingresos do exterior	10.000,00	12.000,00	22.000,00	65.902,99	65.902,99	65.902,99	0,00
		TOTAL CAPITULO 4	144.570.883,00	1.920.375,75	146.491.258,75	147.107.918,70	146.734.138,76	143.059.705,37	3.674.433,39
Cap. V. Ingresos patrimoniais									
52		Xuros de depósitos	0,00	0,00	0,00	608.217,70	608.217,70	608.217,70	0,00
	520	Xuros de contas bancarias	0,00	0,00	0,00	608.217,70	608.217,70	608.217,70	0,00
54		Rendas de bens inmobles	65.000,00	1.918,58	66.918,58	91.390,14	89.471,56	82.936,80	6.534,76
	540	Alugueiros de locais	65.000,00	1.918,58	66.918,58	91.390,14	89.471,56	82.936,80	6.534,76
55		Produtos de concesións administrativas	145.000,00	44.194,84	189.194,84	178.800,24	178.800,24	178.145,98	654,26
	550	Canons	75.000,00	0,00	75.000,00	129.748,56	129.748,56	129.094,30	654,26
	559	Outras concesións e aproveitamentos	70.000,00	44.194,84	114.194,84	49.051,68	49.051,68	49.051,68	0,00
59		Outros ingresos patrimoniais	0,00	0,00	0,00	125.969,37	125.969,37	125.969,37	0,00
	591	Beneficios pola realización de inversións financeiras	0,00	0,00	0,00	122.350,77	122.350,77	122.350,77	0,00
	592	Outros	0,00	0,00	0,00	3.618,60	3.618,60	3.618,60	0,00
		TOTAL CAPITULO 5	210.000,00	46.113,42	256.113,42	1.004.377,45	1.002.458,87	995.269,85	7.189,02
Cap. VI. Enaxenación de Inversións reais									
61		Doutros investimentos reais	400.000,00	0,00	400.000,00	26.611,57	26.611,57	26.611,57	0,00
	619	Venda doutros investimentos reais	400.000,00	0,00	400.000,00	26.611,57	26.611,57	26.611,57	0,00

PARTIDA ORZAMENTARIA			CRÉDITOS ORZAMENTARIOS			DEREITOS RECOÑECIDOS (4)	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS (5)	RECADACIÓN NETA (6)	DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31 DE DECEMBRO (7=5-6)
			INICIALES (1)	MODIFIC. (2)	DEFINITIVOS (3=1+2)				
Art.	Cto.	Denominacion do ingreso							
		TOTAL CAPITULO 6	400.000,00	0,00	400.000,00	26.611,57	26.611,57	26.611,57	0,00
Cap. VII. Transferencias de capital				0,00					
70		Da Administración do Estado	10.523.500,00	0,00	10.523.500,00	12.869.391,07	12.148.239,61	11.537.243,59	610.996,02
	700	De Ministerios	10.523.500,00	0,00	10.523.500,00	12.869.391,07	12.148.239,61	11.537.243,59	610.996,02
71		De organismos autónomos	8.000.000,00	0,00	8.000.000,00	15.612.863,10	15.612.863,10	15.612.863,10	0,00
	710	De organismos autónomos	8.000.000,00	0,00	8.000.000,00	15.612.863,10	15.612.863,10	15.612.863,10	0,00
74		De sociedades, entidades públicas empresariais	0,00	75.000,00	75.000,00	638.922,27	638.922,27	359.391,36	279.530,91
	741	De entidades públicas empresariales	0,00	0,00	0,00	279.530,91	279.530,91	0,00	279.530,91
	742	De consorcios	0,00	75.000,00	75.000,00	111.515,74	111.515,74	111.515,74	0,00
	743	De fundacións públicas	0,00	0,00	0,00	105.625,74	105.625,74	105.625,74	0,00
	749	Del resto de entidades del sector público	0,00	0,00	0,00	142.249,88	142.249,88	142.249,88	0,00
75		Da Comunidade Autónoma	12.409.871,00	1.147.652,20	13.557.523,20	10.079.087,13	9.621.317,51	1.563.371,45	8.057.946,06
	750	Da Xunta	12.409.871,00	1.147.652,20	13.557.523,20	9.962.670,65	9.504.901,03	1.446.954,97	8.057.946,06
	751	Outros entes da comunidade autónoma	0,00	0,00	0,00	116.416,48	116.416,48	116.416,48	0,00
76		De corporacións locais	0,00	35.000,00	35.000,00	24.668,87	24.668,87	24.668,87	0,00
	761	De Deputacións	0,00	35.000,00	35.000,00	24.668,87	24.668,87	24.668,87	0,00
77		De empresas privadas	7.500.000,00	85.700,00	7.585.700,00	6.581.408,10	6.499.588,51	4.444.347,62	2.055.240,89
	770	De empresas privadas	0,00	85.700,00	85.700,00	330.640,64	330.640,64	330.640,64	0,00
	771	Contratos de investigación (ART.60 L.O.S.U.)	7.500.000,00	0,00	7.500.000,00	6.250.767,46	6.168.947,87	4.113.706,98	2.055.240,89
78		De familias e institucións sen fins de lucro	500.000,00	32.060,00	532.060,00	626.809,13	626.809,13	626.809,13	0,00
	780	De familias	0,00	0,00	0,00	9.573,13	9.573,13	9.573,13	0,00
	781	De institucións sen fins de lucro	500.000,00	32.060,00	532.060,00	320.995,07	320.995,07	320.995,07	0,00
	783	Universidades	0,00	0,00	0,00	296.240,93	296.240,93	296.240,93	0,00
	789	Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
79		Do exterior	1.500.000,00	0,00	1.500.000,00	8.109.810,73	8.109.810,73	8.109.810,73	0,00
	790	Do Fondo Europeo de Desenvolvemento (feder)	800.000,00	0,00	800.000,00	1.496.541,69	1.496.541,69	1.496.541,69	0,00
	795	Outras transferencias de la Unión Europea	600.000,00	0,00	600.000,00	4.211.305,42	4.211.305,42	4.211.305,42	0,00
	799	Outras transferencias	100.000,00	0,00	100.000,00	2.401.963,62	2.401.963,62	2.401.963,62	0,00
		TOTAL CAPITULO 7	40.433.371,00	1.375.412,20	41.808.783,20	54.542.960,40	53.282.219,73	42.278.505,85	11.003.713,88
Cap. VIII. Variación de activos financeiros									
83		Reintegro de préstamos concedidos fóra do sector público	70.000,00	0,00	70.000,00	170.765,75	170.765,75	170.765,75	0,00
	830	Reintegro ptmo. corto prazo	0,00	0,00	0,00	170.765,75	170.765,75	170.765,75	0,00
	831	Reintegro prestamos personal	70.000,00	0,00	70.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00

PARTIDA ORZAMENTARIA			CRÉDITOS ORZAMENTARIOS			DEREITOS RECOÑECIDOS (4)	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS (5)	RECADACIÓN NETA (6)	DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31 DE DECEMBRO (7=5-6)
			INICIALES (1)	MODIFIC. (2)	DEFINITIVOS (3=1+2)				
Art.	Cto.	Denominacion do ingreso							
87		Remanente de tesoureria	25.125.226,00	14.061.414,45	39.186.640,45	0,00	0,00	0,00	0,00
	870	Remanente de tesoureria	25.125.226,00	14.061.414,45	39.186.640,45	0,00	0,00	0,00	0,00
89		Otros activos financieros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	890	Anticipos Administración General del Estado	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
		TOTAL CAPITULO 8	25.195.226,00	14.061.414,45	39.256.640,45	170.765,75	170.765,75	170.765,75	0,00
		TOTAL CRÉDITOS	227.915.618,00	17.621.093,97	245.536.711,97	221.414.045,89	216.697.215,22	198.730.715,60	17.966.499,62

ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

E IV. Resultado orzamentario 2023

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a. Operacións correntes	163.217.618,17 €	164.711.135,63 €		-1.493.517,46 €
b. Operacións de capital	53.308.831,30 €	31.581.181,65 €		21.727.649,65 €
c. Operacións comerciais				
1. Total de operacións non financeiras (a+b+c)	216.526.449,47 €	196.292.317,28 €		20.234.132,19 €
d. Activos financeiros	170.765,75 €	60.847,00 €		109.918,75 €
e. Pasivos financeiros		763.870,72 €		-763.870,72 €
2. Total de operacións financeiras (d+e)	170.765,75 €	824.717,72 €		-653.951,97 €
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)	216.697.215,22 €	197.117.035,00 €		19.580.180,22 €
<u>AXUSTES:</u>				
3. Créditos gastados con cargo a remanente de tesourería non afectado			2.861.037,82 €	
4. Desviacións negativas de financiación			6.742.173,71 €	
5. Desviacións positivas de financiación			-26.883.657,23 €	
II. TOTAL AXUSTES (3+4+5)			-17.280.445,70 €	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)				2.299.734,52 €



2023

Información sobre déficit público, estabilidad e sostibilidade financeira

UniversidadeVigo

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, estableceu un novo marco de referencia para o desenvolvemento da actividade económico-financieira e orzamentaria das Administracións Públicas en España, e que afecta, tamén, ás Universidades.

O artigo 81.2 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, co obxecto de garantir un mellor cumprimento da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, establece a obriga de facer unha referencia expresa ao cumprimento do equilibrio e sostibilidade financeiros nos orzamentos e as súas liquidacións. Aínda que durante o ano 2023 continuou a suspensión das regras fiscais, como xa sucederá nos exercicios 2020, 2021 e 2022, recóllense a continuación os principais datos referidos ao exercicio 2023.

Equilibrio do Orzamento en operacións non financeiras.

O Orzamento inicial para o ano 2023 aprobado pola Universidade de Vigo preséntase formalmente en equilibrio na totalidade das súas operacións, de acordo cos principios orzamentarios, ao igual que en exercicios anteriores.

No que se refire ao equilibrio nas operacións non financeiras, as previsións de créditos para gastar e as previsións de ingresos presentan unha diferenza de 24,3 m €, debido á financiación de gastos estruturais con cargo ao remanente do exercicio anterior.

O remanente de tesourería aflorado no exercicio ascende a 39,18m € e queda recollido nas previsións do concepto 870 da estrutura orzamentaria de ingresos, mentres que os gastos que financia contéplanse nos diferentes capítulos do Estado de Gastos do Orzamento. Non existen previsións de anticipos e préstamos reintegrables no Capítulo 9 de Pasivos Financeiros do Estado de Ingresos.

Suxeición ao límite máximo de gastos.

Mediante acordo do Consello de Goberno de 21 de decembro de 2022, ratificado polo Pleno do Consello Social de 28 de decembro de 2022, quedou establecido para o exercicio 2023 un teito máximo de gasto non financeiro de 175.670.490,70 €

Ao peche do exercicio económico 2023, o total de obrigas recoñecidas netas ascende a 197.117.035,00 € e as derivadas de operacións non financeiras (Capítulos 1 ao 7 da estrutura orzamentaria de gastos) a 196.292.317,28 €. De este montante corresponden a operacións con financiación específica 27.132.821,60 €, polo que as obrigas recoñecidas con cargo ao orzamento non afectado alcanzan un total de 169.159.495,68 €, dentro, polo tanto, dos límites máximos autorizados.

Capacidade / Necesidade de financiación a 31 de decembro.

A 31 de decembro de 2023, o resultado orzamentario alcanza un importe de 19.580.180,22 € e unha vez realizados os axustes correspondentes, a cifra final é de 2.299.734,52 €.

Por outra parte, o remanente de tesoureira do exercicio alcanza un total de 86.912.219,44 €, e unha vez realizados os axustes establecidos no P.G.C.P., o importe do remanente de libre disposición alcanza un total de 2.009.056,01 €.

Sostibilidade financeira.

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira define a sostibilidade financeira como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao que nela se establece e na normativa europea. A estes efectos, a Lei considera débeda comercial o volume de débeda pendente de pago a empresas provedores das Administracións Públicas.

De acordo coa Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, enténdese que existe sostibilidade da débeda comercial cando o período medio de pago a empresas provedoras non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.

O período medio de pago da débeda comercial da Universidade de Vigo, conforme aos criterios establecidos no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a empresas provedoras das Administracións Públicas, é de 10,35 días, moi inferior, por tanto, ao máximo permitido pola lei de 30 días.

DILIXENCIA para facer constar que todas as informacións recollidas nos documentos que corresponden á *Conta de liquidación do orzamento do exercicio 2023 (Balance de situación, Conta do resultado económico patrimonial, Estado de cambios no patrimonio, Estado de fluxos de efectivo, Estado de liquidación do orzamento e Resultado orzamentario)* responden aos datos rexistrados na aplicación informática SIC, que soporta a contabilidade da Universidade de Vigo, e son verídicos.

Vigo, 14 de xuño de 2024

O reitor

O xefe do Servizo de Contabilidade,
Orzamentos e Tesouraría

Manuel J. Reigosa Roger

Mauricio García Romarís



2023

Memoria

Universidade de Vigo

Contido da memoria

1. Organización e actividade.....	5
1.1 Actividade	5
1.2. Organización estrutural e funcional.....	6
2. Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración	9
3. Bases de presentación das contas	9
3.1. Principios contables de carácter económico patrimonial.....	9
3.2. Principios contables de carácter orzamentario	10
3.3. Razóns e incidencias nas contas das correccións de erros e dos cambios de criterio de contabilización	10
4. Normas de recoñecemento e valorización.....	11
5. Inmobilizado material.....	15
5.1. Construcións.....	15
5.2. Resto do inmobilizado material	23
5.3. Situacións especiais en relación co inmobilizado	24
6. Investimentos inmobiliarios	24
7. Inmobilizado intanxible.....	26
8 Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar	27
9. Activos financeiros.....	27
10. Pasivos financeiros	30
11. Coberturas contables	31
12. Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias	31
13. Moeda estranxeira.....	31
14. Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos	32
14.1. Transferencias e subvencións recibidas.....	32
14.2. Transferencias e subvencións concedidas.....	40
15.Provisións e continxencias.....	47
15.1. Provisión para atender pagos IBI	47
15.2. Provisión para premio de xubilación	47

15.3. Perda de valor de créditos por operacións de xestión	48
15.4. Fianzas e depósitos constituídos para facer fronte ás diferentes reclamacións xudiciais no ámbito laboral	48
15.5. Provisións para depreciacións de participación en sociedades	49
15.6. Provisións para débedas coa AEAT por IVE	49
16. Información sobre medio ambiente	50
17. Activos en estado de venda.....	52
18. Presentación por actividades da conta do resultado económico patrimonial	52
19. Operacións por administración de recursos por conta doutros entes públicos	52
20. Operacións non orzamentarias de tesourería	53
20.1. Debedores extraorzamentarios	53
20.2. Acredores extraorzamentarios	55
21. Partidas representativas de pagamentos e cobros pendentes de aplicación.....	56
22. Contratación administrativa. Procedementos de adxudicación.....	57
22.1 Resumo dos procedementos de adxudicación.....	58
22.2. Información detallada por tipos de contratación	59
23. Valores recibidos en depósito.....	64
24. Información orzamentaria	64
24.1. Orzamento de gastos.....	64
24.2. Orzamento de ingresos	96
24.3. Gastos con financiación afectada.....	109
24.4. Remanente de tesourería.....	114
24.5. Outra información relacionada coa execución do orzamento.....	116
25. Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios	120
25.1. Indicadores financeiros e patrimoniais.....	120
25.2. Indicadores orzamentarios	122
26. Información sobre o custo das actividades	124
27. Indicadores de xestión	126
28. Feitos posteriores ao peche.....	126

Índice de cadros

Cadro 1. Estrutura organizativa básica da Universidade (nivel administrativo).....	6
Cadro 2. Persoal da Universidade (número de efectivos).....	8
Cadro 3. Construcións. Edificios dos que é titular a Universidade.....	17
Cadro 4. Bens inmobles propiedade dos concellos adscritos ao funcionamento da Universidade	21
Cadro 5. Construcións en curso.....	22
Cadro 6. Situación do inmovilizado material (agás construcións).....	23
Cadro 7. Porcentaxes de amortización dos bens de inmovilizacións materiais.....	24
Cadro 8. Investimentos inmobiliarios.....	25
Cadro 9. Inmovilizado intanxible	26
Cadro 10. Situación dos activos financeiros	28
Cadro 11. Correccións por deterioración de valor.....	29
Cadro 12. Situación e movementos das débedas ao custo amortizado.....	30
Cadro 13. Resumo por categorías da situación e movemento das débedas.....	30
Cadro 14. Incrementos patrimoniais pendentes de imputar a resultados.....	32
Cadro 15. Subvencións e transferencias recibidas da Comunidade Autónoma	33
Cadro 16. Subvencións recibidas da Administración do Estado	35
Cadro 17. Subvencións recibidas dos Fondos da Unión Europea	37
Cadro 18. Subvencións recibidas da Administración Local.....	37
Cadro 19. Resto de transferencias e subvencións.....	38
Cadro 20. Execución doutros ingresos.....	39
Cadro 21. Bolsas para o alumnado	40
Cadro 22. Bolsas para a formación de investigadores	41
Cadro 23. Contribución a consorcios.....	42
Cadro 24. Aportacións a fundacións e outras entidades.....	43
Cadro 25. Aportación ao transporte	43
Cadro 26. Execución do capítulo 1: gastos de persoal	44
Cadro 27. Execución do capítulo 6: inversións reais.....	45
Cadro 28. Execución do capítulo 2: gastos correntes.....	46

Cadro 29. Provisión de pagos para o IBI	47
Cadro 30. Situación de deterioración dos créditos por operacións de xestión	48
Cadro 31. Fianzas e depósitos	48
Cadro 32. Depreciacións por participación en sociedades.....	49
Cadro 33. Provisión para débedas coa AEAT por IVE	50
Cadro 34. Execución do orzamento da oficina de medio ambiente (OMA).....	51
Cadro 35. Debedores extraorxamentarios.....	54
Cadro 36. Acredores extraorxamentarios.....	55
Cadro 37. Operacións pendentes de imputar ao orzamento	56
Cadro 38. Resumo da contratación do ano 2023: número de expedientes, importes principais e baixas	58
Cadro 39. Importes de contratación administrativa adxudicada (Contratos adxudicados).....	58
Cadro 40. Expedientes de contratos de obras adxudicados no exercicio de 2023	59
Cadro 41. Expedientes de servizos adxudicados no exercicio 2023.....	60
Cadro 42. Expedientes de contratos de subministracións adxudicados no exercicio de 2023.....	61
Cadro 43. Expedientes privados adxudicados no exercicio de 2023	63
Cadro 44. Expedientes de concesión de servizos adxudicados no exercicio de 2023	63
Cadro 45. Modificacións de crédito no orzamento de gastos	66
Cadro 46. Remanentes de crédito.....	73
Cadro 47. Operacións pendentes de imputar ao orzamento	78
Cadro 48. Localización dos departamentos da Universidade	80
Cadro 49. Créditos executados para delegacións de alumnos	82
Cadro 50. Créditos totais xestionados polas facultades/escolas	83
Cadro 51. Proxectos de investigación agrupados por facultades/escolas.....	85
Cadro 52. Obrigas dos departamentos a nivel de artigo	87
Cadro 53. Compromiso de gasto adquirido con cargo ao orzamento do ano 2024.....	91
Cadro 54. Compromiso de gasto adquirido con cargo ao orzamento do ano 2025	92
Cadro 55. Compromiso de gasto adquirido con cargo ao orzamento do ano 2026.....	93
Cadro 56. Compromiso de gasto adquirido con cargo ao orzamento do ano 2027	93
Cadro 57. Compromiso de gasto adquirido con cargo ao orzamento do ano 2028.....	93
Cadro 58. Tramitación anticipada de gastos para o ano 2024.....	94

Cadro 59. Tramitación anticipada de gastos para o ano 2025.....	94
Cadro 60. Tramitación anticipada de gastos para o ano 2026.....	95
Cadro 61. Tramitación anticipada de gastos para o ano 2027.....	95
Cadro 62. Tramitación anticipada de gastos que alcanzaron a fase de compromiso	95
Cadro 63. Tramitación anticipada de gastos que alcanzaron a fase de autorización.....	96
Cadro 64. Dereitos anulados.....	99
Cadro 65. Recadación neta	100
Cadro 66. Devolucións de ingresos.....	103
Cadro 67. Situación xeral dos dereitos pendentes de cobramento de exercicios pechados.....	105
Cadro 68. Dereitos pendentes de cobro	106
Cadro 69. Dereitos anulados de exercicios pechados.....	107
Cadro 70. Variación de resultados orzamentarios de exercicios anteriores.....	108
Cadro 71. Desviacións de financiamento do ano 2023	110
Cadro 72. Desviacións acumuladas (Desviacións de financiación agrupadas por axente financiador)	112
Cadro 73. Resumo de gastos con financiación afectada (Resumo da xestión do gasto orzamentario con financiación afectada)	113
Cadro 74. Estado do remanente de tesouraría	115
Cadro 75. Equivalencias de remanentes	116
Cadro 76. Avais recibidos do Banco Santander	116
Cadro 77. Avais recibidos de ABANCA.....	117
Cadro 78. Avais recibidos de SABADELL.....	119
Cadro 79. Resumo por clase de actividade	124
Cadro 80. Actividades non finalistas.....	125
Cadro 81. Actividades finalistas	126

1. Organización e actividade

1.1 Actividade

A Universidade de Vigo creouse por segregación da Universidade de Santiago de Compostela mediante a *Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia (DOG núm. 228, do 28/11/1989)*. A súa estrutura inicial determinouse no *Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro, de segregación de centros e servizos da Universidade de Santiago de Compostela con todos os medios materiais e humanos e da súa integración nas novas universidades da Coruña e Vigo (DOG núm. 17 do 24/01/1990)*.

Tal e como se establece a Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, del Sistema Universitario, a Universidade presta e garante o servizo público da educación superior universitaria mediante a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento. A *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento común das Administracións públicas (BOE núm. 236 do 02/10/2015)*, establece que se integra no sector público institucional e, nesa condición, regúlase pola súa normativa específica e supletoriamente polas previsións da devandita lei.

As súas principais fontes de ingresos son:

- os prezos públicos da matrícula do alumnado, que a Comunidade Autónoma fixa para cada curso académico;
- as achegas do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia;
- as subvencións para proxectos de investigación, que se acadan en procesos de concorrencia competitiva;
- os ingresos procedentes de empresas privadas e institucións sen ánimo de lucro;
- os ingresos procedentes dos rendementos do seu patrimonio (tesouraría, alugueres e canons).

Os rendementos das súas contas bancarias están exentos de calquera tipo de gravame e, no que se refire á situación impositiva con relación ao imposto de valor engadido (IVE), ten a consideración de suxeito pasivo. Na liquidación deste imposto a Universidade aplica a regra de rateo con dúas actividades diferenciadas: educación e investigación.

A Universidade é patroa única da Fundación Universidade de Vigo e participa nas seguintes sociedades:

- Cidade Universitaria Sociedade Anónima (CUSA), na que é accionista maioritaria (57,14%);
- Cidade Tecnolóxica de Vigo Sociedade Anónima (CITEXVI), cunha participación no capital do 25,07%;

- Unirrisco Galicia Sociedade de Capital Riesgo, Sociedade Anónima, na que ten unha participación minoritaria (1,46%);
- Parque Tecnolóxico de Galicia Sociedade Anónima (2%);
- Fundación Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia.
- SIGMA, medio propio
- Fundación Universia, na que participa por doazóns que realiza o Banco Santander.

1.2. Organización estrutural e funcional

1.2.1. Estrutura organizativa

A Universidade está estruturada en tres campus: Ourense, Pontevedra e Vigo (este último con instalacións na cidade e en Lagoas Marcosende, onde ten a súa sede a reitoría). Realiza as súas funcións neles mediante unha organización funcionalmente desconcentrada. Os centros (facultades e escolas) distribúense de acordo co indicado no seguinte cadro:

Cadro 1. Estrutura organizativa básica da Universidade (nivel administrativo)

VIGO	ÁMBITO CIENTÍFICO	• FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR
		• FACULTADE DE BIOLOXÍA
		• FACULTADE DE QUÍMICA
	ÁMBITO TECNOLÓXICO	• ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL
		• ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN
		• ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE MINAS
	ÁMBITO XURÍDICO E SOCIAL	• FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN
		• FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS
		• FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO
		• FACULTADE DE COMERCIO
	PONTEVEDRA	• FACULTADE DE BELAS ARTES
		• ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL
• FACULTADE DE FISIOTERAPIA		
• FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN		
• FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE		
		• FACULTADE DE CIENCIAS

OURENSE

- FACULTADE DE HISTORIA
- FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN
- ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA
- FACULTADE DE DEREITO
- FACULTADE DE CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO
- ESCOLA DE ENXEÑARÍA AERONÁUTICA E AEROESPACIAL

1.2.2. Órganos de goberno e administración

A máxima autoridade da Universidade é o reitor. Nas eleccións que se levaron a cabo en maio de 2022 resultou reelixido o actual reitor, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, nomeado mediante “DECRETO 110/2022, de 9 de xuño (DOG núm. 117, do luns 20 de xuño de 2022)”. Preside o equipo de goberno, integrado pola Secretaría Xeral e as persoas titulares das vicerreitorías da entidade:

- Planificación e Sostibilidade
- Investigación, Transferencia e Innovación
- Titulacións e Innovación Docente
- Profesorado e Ordenación Académica
- Estudantado e Empregabilidade
- Comunicación e Relacións Institucionais
- Internacionalización
- Benestar, Equidade e Diversidade
- Extensión Universitaria
- Campus de Ourense
- Campus de Pontevedra

A Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU) e demais normativa reguladora das universidades establecen as competencias do reitor (representar á institución, dirixila e xestionala, presidir e executar os acordos do Claustro e do Consello de Goberno, expedir os títulos, diplomas e certificacións da Universidade, contratar, adscribir e nomear o persoal, ordenar os pagamentos,...). Esta concentración de funcións fixo que o reitor delegase algunhas tarefas noutros órganos unipersoais da institución mediante a “Resolución reitoral do 22 de xuño de 2022 (DOG núm. 128, do mércores 6 de xullo de 2022)”.

A xerencia da Universidade correspóndelle a Dña. Yolanda Trinidad Lesmes Romero (Resolución reitoral do 14 de xullo de 2022 – DOG núm. 138 do mércores, 20 de xullo de 2022). O equipo de xerencia está constituído ademais de pola xerente, polas seguintes vicexerencia:

- Recursos Humanos, D. Ángel Nieto Rodríguez.
- Economía y Asuntos Xerais, Dna. María del Carmen Sánchez Barreiro.
- Investigación, D. Anxo Moreira González.
- Coordinación Académica, Dna. Cristina Gallego Méndez.

A xerencia encárgase de coordinar e xestionar os servizos económicos e administrativos da Universidade, o que implica entre outras funcións: a dirección do Persoal de Administración e Servizos, a elaboración do cadro do devandito persoal, a xestión dos gastos, dos ingresos, da facenda e o patrimonio da Universidade e elaborar a proposta de anteprojectos dos seus orzamentos e os plans económicos. Tamén lle corresponde calquera outra función que lle sexa asignada polos órganos de goberno da Universidade, a normativa vixente ou os estatutos da Universidade. Da Xerencia dependen os servizos administrativos e as administracións dos diferentes campus e ámbitos.

Os/as administradores/as de Campus (Vigo, Ourense e Pontevedra) e Ámbitos (Ciencias Experimentais, Xurídico-Social e Humanidades, Tecnolóxico), son os máximos responsables da xestión administrativa do seu ámbito de competencia e teñen, ademais, competencias en materia de contratación por delegación do reitor.

A estrutura organizativa de cada centro xestiona os créditos necesarios para o seu funcionamento, os dos departamentos e proxectos dos grupos de investigación que teñen a súa sede nel, así como tamén os dos mestrados e cursos de especialización que se imparten nas súas instalacións. Os/as decanos/as das facultades e directores/as das escolas representan e dirixen o correspondente centro.

1.2.3. Variación de efectivos no exercicio 2023

A distribución e número de efectivos do persoal da Universidade durante o exercicio do ano 2023 amósase no seguinte cadro.

Cadro 2. Persoal da Universidade (número de efectivos)

		XANEIRO	DECEMBRO
PERSONAL DOCENTE E INVESTIGADOR	• FUNCIONARIOS DOCENTES	828	849
	• CONTRATADOS DOCENTES	686	717
	• PERSOAL INVESTIGADOR	592	762
PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	• FUNCIONARIOS PAS	663	717
	• PERSOAL LABORAL	147	115
	• PERSOAL EVENTUAL	6	6
	• OUTRO PERSOAL	43	67
	• ALTOS CARGOS	2	2

2. Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración

Non aplica

3. Bases de presentación das contas

Segundo o establecido no Plan Xeral de Contabilidade Pública (PXCP), as contas anuais deben redactarse con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico patrimonial e da execución do orzamento. As contas do exercicio 2023 preparáronse a partir dos rexistros contables da Universidade e de acordo ao anteriormente mencionado, amosan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico patrimonial e da liquidación do orzamento da entidade.

No apartado referido ao *marco conceptual da contabilidade pública*, o PXCP, establece que a información incluída nas contas anuais debe cumprir cos requisitos ou características seguintes: claridade, relevancia, fiabilidade e ser comparable.

A contabilidade da Universidade desenvólvese aplicando os seguintes principios contables:

3.1. Principios contables de carácter económico patrimonial

Xestión continuada

O servizo da educación superior préstase de forma indefinida.

Devindicación

As obrigas e os dereitos recoñécense cando se producen os feitos que os soportan e non cando se pagan ou se cobran.

Uniformidade

Os criterios contables mantéñense no tempo e aplícanse de forma coherente, sen alteracións inxustificadas.

Prudencia

Os gastos e os ingresos contabilízanse sen sobrevaloración e recoñécense contablemente as obrigas que non foron imputadas ao orzamento por mor das datas de peche do exercicio.

Non compensación das partidas de activo e de pasivo

Non poderán compensarse as partidas do activo e do pasivo do balance, nin as de gastos e ingresos que integran a conta do resultado económico patrimonial ou o estado de cambios no patrimonio neto, e valoraranse separadamente os elementos integrantes das contas anuais, salvo aqueles casos en que de forma excepcional así se regule.

Importancia relativa

Os criterios e principios contables poden aplicarse segundo a súa importancia relativa, sen que en ningún caso se altere a imaxe fiel da situación patrimonial e dos resultados económicos da entidade.

3.2. Principios contables de carácter orzamentario

Principio de imputación orzamentaria

Os gastos e os ingresos orzamentarios aplícanse de acordo coa súa natureza económica. As obrigas imputanse ao orzamento do exercicio no que se realizan e os dereitos, ao orzamento do exercicio no que se recoñecen ou liquidan.

Principio de desafectación

Con carácter xeral, os ingresos que se reciben financian a totalidade dos gastos (sen que haxa relación directa entre uns e outros). Os ingresos para os proxectos de investigación e cooperación así como os que se reciben para financiar actuacións concretas sobre infraestruturas constitúen a excepción a este principio xa que financian especificamente os gastos afectados a eles.

3.3. Razóns e incidencias nas contas das correccións de erros e dos cambios de criterio de contabilización

Non aplica.

4. Normas de recoñecemento e valorización

Os elementos patrimoniais valóranse de acordo cos criterios establecidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública (PXCP).

Inmobilizado material

Está constituído polos activos tanxibles, mobles ou inmobles, que a Universidade utiliza para prestar servizos ou para os seus propios propósitos administrativos e que se agarda que teñan unha vida útil superior a un ano. Considéranse que son gastos do exercicio aqueles mobles que non superan os 400 €.

As construcións valóranse polo seu custo de construción (que inclúe a realización material da obra, o custo da dirección facultativa e as correspondentes taxas municipais). Considéranse como incrementos das construcións as actuacións destinadas a ampliar a súa vida útil ou a incrementar a súa capacidade produtiva; as destinadas a reparacións e mantemento do immobilizado material, que se realizan para restaurar ou manter o potencial de servizo, considéranse gastos do exercicio. O resto do immobilizado material está valorado a prezo de adquisición.

A amortización das construcións calcúlase ao 2%, considerando que a súa vida útil é de 50 anos. As amortizacións dos demais bens do immobilizado calcúlanse en función da súa vida útil, que se estima de acordo coas porcentaxes de amortización (véxase o cadro 7).

Investimentos inmobiliarios

A Universidade recibiu no exercicio 2014 como parte dunha herdanza unha vivenda en Madrid e dous garaxes en Pontevedra (actualmente arrendados). A vivenda está actualmente en estado de venda. Valóranse de acordo coa escritura notarial de adxudicación da herdanza. No balance do exercicio 2023 figura, como investimentos en terreos, o terreo cedido a CITEXVI que se valora en función do valor catastral e da documentación máis recente dispoñible.

Inmobilizado intanxible

É o conxunto de activos intanxibles e os dereitos susceptibles de valoración económica de carácter non monetario e sen aparencia física, que permanecen no tempo e poden producir recursos para a entidade. A propiedade industrial está valorada polo custo de produción; as aplicacións informáticas, polo custo de adquisición ou produción.

No balance da Universidade figuran inversións sobre activos en réxime de arrendamento ou cedidos que se corresponden coas cesións dos dereitos de superficie realizadas polo consorcio do Casco Vello e o consorcio da Zona Franca a favor da Universidade de Vigo para a construción e a

rehabilitación de edificios. A cesión dos terreos está valorada, segundo o valor razoable en función da información máis recente da que se dispón, no caso do casco vello en 127.057,72 euros e no caso da zona franca en 3.140.660,38 euros. Estes bens amortízanse linealmente no prazo da cesión.

Os gastos de investigación e desenvolvemento, en aplicación do principio contable de prudencia, considéranse gastos do exercicio.

Activos en estado de venda

Desde xullo do ano 2018, a vivenda que a Universidade recibiu en herdanza está á venda. A información sobre o valor e a súa amortización ofrécese no cadro 8.

Activos financeiros

Son os cartos en efectivo, as participacións no capital doutras entidades e os dereitos de recibir efectivo ou outro activo financeiro dun terceiro.

A efectos da súa valoración, os activos financeiros clasifícanse nas seguintes categorías:

- a) Créditos e partidas que se deben cobrar.
- b) Investimentos mantidos ata o vencemento.
- c) Activos financeiros a valor razoable con cambios nos resultados.
- d) Investimentos no patrimonio de entidades do grupo, multigrupo e asociadas;
- e) Activos financeiros dispoñibles para a venda.

A Universidade non ten activos dos que se enumeran nos puntos b), c) e e). Os restantes valóranse da seguinte forma:

- os indicados no apartado a), créditos e partidas a cobrar, segundo o seu valor nominal;
- os indicados no apartado d), investimentos no patrimonio de entidades do grupo, multigrupo e asociadas, segundo o prezo de adquisición. As correspondentes correccións de valor realízanse en función da conta de resultados da entidade participada.

Pasivos financeiros

Un pasivo financeiro é unha obriga esixible e incondicional de entregar efectivo ou outro activo financeiro a un terceiro. Os importes que figuran como pasivos financeiros nas contas da Universidade correspóndense cos anticipos reintegrables que concede a Administración do Estado para financiar infraestruturas de investigación.

Coberturas contables

Non procede na Universidade.

Existencias

Non procede na Universidade.

Activos construídos ou adquiridos para outras entidades

Non procede na Universidade.

Moeda estranxeira

Non procede na Universidade.

Ingresos con contraprestación

Son os ingresos que proceden das matrículas das titulacións que se imparten na Universidade (oficiais e propias) e dos contratos do artigo 60 da LOSU.

Os primeiros valóranse de acordo cos prezos públicos que establece a Xunta de Galicia para as titulacións oficiais e os prezos que fixa o Consello Social para as titulacións propias; en ambos os dous casos, recoñécense como ingresos no momento de formalizar a matrícula. Os ingresos obtidos polos contratos do artigo 60 da LOSU valóranse en función do importe que se acorda por prestar o servizo e recoñécense como ingreso ao emitir a factura.

Ningún destes importes inclúe o imposto sobre o valor engadido (IVE). No caso dos ingresos por matrículas, por ser unha actividade exenta e, nos contratos do artigo 60 da LOSU, por tratarse dun ingreso por conta da Facenda Pública (neste caso a Universidade ten a consideración de entidade colaboradora na recadación do imposto).

Ingresos sen contraprestación

Son as transferencias e subvencións que recibe a Universidade. Aplícanse as normas específicas de valoración que establece o PXCP.

Provisións

A Universidade na formulación das contas anuais diferencia entre:

- **Provisións:** saldos acredores que cobren obrigas actuais derivadas de sucesos pasados, cuxa cancelación é probable que orixine unha saída de recursos, pero que resultan indeterminados en canto ao seu importe e/ou momento da cancelación.
- **Pasivos continxentes:** obrigas posibles xurdidas como consecuencia de sucesos pasados, cuxa materialización futura estará condicionada a que ocorra, ou non, un ou máis eventos futuros independentes da vontade da Universidade.

- **Provisións para xubilación do PAS.**, rexistra as obrigas de pago por premios de xubilación ao PAS., segundo o establecido no convenio do PAS laboral. A valoración faise calculando o importe que lle correspondería cando a persoa xubilada cumpra 65 anos, en función do salario a 31/12/2011 polas mensualidades que lle corresponderían a cada un. O importe reservado é o importe máximo, xa que é un tema pechado.

As presentes contas anuais recollen todas as provisións con respecto ás cales se estima que a probabilidade de que se teña que atender a obriga é maior que o contrario. Os pasivos contingentes non se recoñecen nas contas anuais, senón que se informa sobre os mesmos nas notas da memoria, na medida en que non sexan considerados remotos.

As provisións valóranse polo valor actual da mellor estimación posible do importe necesario para cancelar ou transferir a un terceiro a obriga, rexistrándose os axustes que xurdan pola actualización da provisión como un gasto financeiro conforme se van devindicando. Cando se trata de provisións con vencemento inferior ou igual a un ano e o efecto financeiro non é significativo, non se leva a cabo ningún tipo de desconto. As provisións revísanse á data de peche de cada balance e son axustadas co obxectivo de reflectir a mellor estimación actual do pasivo correspondente en cada momento.

Calcúlanse polo valor nominal, en función das normas establecidas para o seu cálculo.

Transferencias e subvencións

Concedidas pola Universidade

Contabilízanse como gasto cando se cumpran os requisitos establecidos; no caso das bolsas, de acordo coas condicións da súa concesión e, no caso das contribucións a fundacións, polo seu importe nominal.

Recibidas pola Universidade

Hai que distinguir entre as transferencias e subvencións que se refiren a:

- Plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2022-2026.
- Convenios ou proxectos de investigación.

As primeiras recoñécense anualmente polo importe acordado, mentres que as segundas se recoñecen (cando se realiza a certificación do gasto) polo importe certificado.

5. Inmobilizado material

O PXCP establece que as inmobilizacións materiais son os elementos patrimoniais tanxibles, mobles o inmobles, que se utilicen de xeito continuado para a produción de bens ou servizos públicos ou para as súas actividades de administración e que non estean destinadas á venda.

No apartado 5.1 infórmase sobre as construcións, no 5.2 trátanse o resto de activos materiais e no apartado 5.3 infórmase sobre determinadas situacións que teñen incidencia no balance da Universidade e que a futuro, suporán a existencia no balance de edificios en situacións especiais. Cómpre sinalar que durante o exercicio 2023 a Universidade, non tivo bens que pertencan ao inmobilizado en situación de arrendamento financeiro e tampouco se deron neste tipo de activos situacións de restrición da titularidade, litixios, garantías nin outras similares.

5.1. Construcións

Distinguese entre os bens que son propiedade da Universidade, os que lle cederon ou adscribiron outras institucións públicas e as construcións en curso. Dédicaselle un epígrafe específico a cada un deles.

No exercicio 2023, do mesmo xeito que no ano 2022, os edificios (construcións) identifícanse de forma individual, con independencia das Facultades que se instalen neles.

5.1.1. Edificios propiedade da Universidade

Conforman a conta 211000 “ Construcións”, e se lles aplica unha porcentaxe de amortización do 2% ao considerarse que teñen unha vida útil de 50 anos.

O seu movemento no exercicio 2023 detállase no cadro 3. Os edificios agrúpanse en cinco categorías, atendendo a súa funcionalidade: centros docentes, centros de investigación, bibliotecas, edificios administrativos e outros. A súa localización nos distintos campus da Universidade móstrase mediante a cor corporativa que se asocia a cada un deles:

- azul: campus de Vigo
- verde: campus de Ourense
- vermello: campus de Pontevedra (A Xunqueira)

A relación inclúe tres edificios que non están na mesma localización xeográfica que o resto das edificacións que compoñen os campus; con todo, adscribense ao que por situación xeográfica lles corresponde:

